



Cáritas

Diocesana de Tui-Vigo

Boletín Informativo

nº 20 - Set 2009

Editorial

Vivimos tempos de vacas frouxas. Contemplamos con tristura como moitas persoas que viven preto de nós, ao noso lado, atópanse desarboradas ante esta situación de precariedade que lles invade, e dirixen cara a nós unha longa ollada, esperando a resposta.

“Deus destinou a terra e canto ela contén para uso de tódolos homes e pobos. En consecuencia, os bens creados deben chegar a todos de forma equitativa baixa a éxida da xustiza e coa compañía da caridade ”(Gaudium et Spes, 69).

Deus deu a terra a todo o xénero humano para uso e gozo de tódolos seus habitantes, sen excluír a ninguén, nin privilexiar a ningún. Esta é a primeira raíz do destino universal dos bens da terra. Este principio esixe que se vele con particular solicitude polos pobres, por aqueles que se atopan en situación de marxinación, por todas aquelas persoas ás que as súas condicións de vida lles impiden un crecemento axeitado.

Son tempos de **repensar a nosa responsabilidade polo que acontece**; de abandonar o discurso de que é “a outros”, aos “de arriba”, os que teñen a culpa do que ocorre, a quen lles corresponde emendar a situación; e de que nós, pobres homes, pouco ou nada podemos facer.

“Dar esmola do superfluo é de precepto. A propiedade privada non se xustifica senón por razóns prácticas e ordénase ao ben común, de tal forma que, se alguén se encontra privado do necesario, automaticamente renace entón a propiedade común orixinaria ”. (Sto. Tomás de Aquino).

Jaime Barrecheguren Beltrán
Delegado Diocesano de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo

<i>O drama da actitude do mundo</i>	2	<i>Con que recursos os atendemos</i>	6
<i>Cáritas ante a crise. Axúdanos a axudar</i>	3	<i>Precisamos ser máis... Proxectos de futuro</i>	7
<i>Os rostros da crise</i>	4 - 5	<i>Novas Breves</i>	8